



Inventario e valoración da avifauna do concello de Ares

Setembro de 2022

Realización:

ARCEA Xestión de Recursos Naturais S.L.

Redacción:

Jorge Mouriño Lourido. Biólogo (colexiado nº 19234-X)

Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	3
3. Resultados: as aves de Ares	5
4. Bibliografía	10

ANEXO I. Inventario e catalogación das aves do concello de Ares

1. Introducción

O presente informe redáctase a petición da Concellería de Turismo, Emprendemento, Patrimonio e Mobilidade do Concello de Ares. O alcance e contidos do presente traballo foron concretados durante o mes de abril de 2022, seleccionando a opción 1 entre tres alternativas propostas, opción consistente na elaboración dun **listado valorado e comentado de aves presentes no concello de Ares na base da recopilación bibliográfica e documental**.

Esta alternativa desenvólvese mediante a elaboración dun listado de aves silvestres presentes en Ares, cos seus nomes científico, galego e castelán, no cal se indica se a súa presenza foi confirmada ou é posible; se especifica o seu estatus local (sedentaria, estival, invernante, só nos pasos migratorios, ocasional); e se identifican as especies de maior relevancia tanto desde o punto de vista técnico (*Libro Rojo de las Aves de España*, segundo a súa categoría de ameaza) como da súa catalogación legal: Directiva 2009/147/CE de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres; e catálogos español (RD 139/2011) e galego (Decreto 88/2007) de especies ameazadas, incluíndo as súas respectivas actualizacións.

2. Metodoloxía

A elaboración do presente listado de aves silvestres presentes no Concello de Ares baseouse no coñecemento xeral da distribución de aves en Galicia, nomeadamente baseado no recente atlas de aves en época reprodutora en España (Molina *et al.*, 2022) e na experiencia ornitolóxica do equipo de traballo. Complementariamente tívose en conta o coñecemento xenérico dos hábitats existentes no territorio municipal, tanto a partir de visitas previas realizadas polos autores como do exame da fotografía aérea

máis actualizada, correspondente ao ano 2020, do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA). Non se consideraron potenciais especies de aves que poidan ter carácter irregular ou ocasional e que non tivesen rexistros de presenza confirmada no concello de Ares.

O territorio do Concello de Ares abrangue catro cadros UTM 10x10km, todos eles compartidos con outros concellos próximos (29TNJ50, 29TNJ51, 29TNJ60, 29TNJ61), polo que a confirmación de presenza de distintas especies de aves en ditos cadros, non implica directamente a súa existencia no territorio do concello de Ares.

Esta información xenérica completouse con datos concretos, rexistros ornitolóxicos realizados no termo municipal de Ares e augas mariñas adxacentes (distancia <1km desde a liña de costa), efectuados durante o presente século XXI, obtidos principalmente a partir dunha recopilación bibliográfica e documental. Nomeadamente foron consultados o Noticario Ornitoxeográfico Galego (NOG), ferramenta *on-line* dependente da Sociedade Galega de Ornitología (2022), e a información da aplicación ornitolóxica de ciencia cidadá denominada eBird (2022), dependente da universidade de Cornell (USA). así como información existente nalgúns publicacións ornitolóxicas recentes (París *et al.*, 2019 e 2021). Ademais, usáronse datos inéditos propios obtidos nos diferentes censos de aves acuáticas invernantes de xaneiro realizados entre 2018 e 2022 (ambos anos inclusive), así como durante prospeccións de aves mariñas nidificantes nas Illas Mirandas e contorna, que tiveron lugar os días 2 de xuño e 1 de xullo de 2021 e 24 de xuño e 12 de xullo de 2022.

No que respecta ao Noticario Ornitoxeográfico Galego (Sociedade Galega de Ornitología, 2022), usáronse as opcións de filtrado por provincia (A Coruña) e concello (Ares), obtendo un listado de 128 rexistros durante o presente século, desde o 24/11/2004 até xullo do presente ano 2022. Dito listado pon o acento en observacións non habituais, tanto de abundancia de

certas especies, como de presenza doutras de carácter esporádico ou irregular no Concello.

En canto á aplicación eBird (2022), non ten dispoñible a busca por concellos, chegando só a nivel de detalle de provincia (A Coruña). Nese contexto, procuráronse as localidades con listas de observación de aves que estivesen dispoñibles, identificando para o territorio de Ares apenas a localidade denominada Praia de Ares. Esta localidade comprende rexistros dun total de 77 especies e 5 grupos sen determinar especificamente, aínda que para 9 especies e dous grupos, os rexistros corresponden as dúas últimas décadas do pasado século XX.

3. Resultados: as aves de Ares

O listado provisional de aves de Ares relaciónase no Anexo I. Comprende 155 especies, das cales 93 teñen presenza confirmada, aínda que 18 delas se consideran de frecuencia rara ou ocasional. Porén, un mínimo doutras 22 especies -para as que non se obtiveron datos concretos de presenza en Ares-, deberían estar presentes sen lugar a dúbidas, debido ao seu estatus común no conxunto do territorio comarcal (p.ex., Molina *et al.*, 2022).

3.1. Especies de maior interese. O listado de aves de Ares (Anexo I) comprende 6 especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007), unha delas na categoría En perigo de Extinción e cinco na categoría Vulnerable. Outras especies citadas en Ares, caso da cerceta común (*Anas crecca*), o mazarico real (*Numenius arquata*), a arcea (*Scolopax rusticola*) ou a becacina (*Gallinago gallinago*), tamén se encontran incluídas en dito catálogo, aínda que só en relación ás poboacións nidificantes, ausentes en Ares, polo que non son consideradas e estes efectos.

A catalogación En perigo de Extinción corresponde á pardela balear (*Puffinus mauretanicus*), unha ave estritamente mariña, igual que acontece coa gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*), esta última na categoría Vulnerable. Ningunha delas se reproduce nas costa de Ares e a súa presenza límitase a escasos períodos de tempo e sempre en augas mariñas ou, ocasionalmente -caso da gaivota tridáctila-, pousada en praias ou rochedos costeiros.

Entre as restantes especies catalogadas vulnerables, dúas son de presenza confirmada -corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) e gabita (*Haematopus ostralegus*)-, e as outras dúas de presenza probable: a aguia pescadora (*Pandion haliaetus*) e o papoazul (*Luscinia svecica*). As dúas especies confirmadas son, inicialmente, as aves de maior interese de conservación no concello de Ares, posto que ademais se reproducen nas súas costas.

O corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) mantén unha pequena colonia, cifrada en 7 parellas reprodutoras en 2019, nos cantís mariños da parroquia de Sta. Olaia de Lubre (París *et al.*, 2019). Ademais, está presente durante todo o ano nas costas de Ares, cun importante durmideiro nas illas Mirandas, onde se teñen observado concentracións de máis de 70 exemplares en xullo de 2021 (datos propios).

En canto á gabita (*Haematopus ostralegus*), trátase dunha recente colonizadora (ou recolonizadora) como especie reprodutora, con rexistros de nidificación confirmada nas Illas Mirandas en 2021 e 2022. Ambos anos observouse unha parella incubando, que, aparentemente, non tivo éxito reprodutor (París *et al.*, 2021; Sergio París, com. pers.; datos propios).

Pola súa banda, a aguia pescadora (*Pandion haliaetus*) e o papoazul (*Luscinia svecica*) poderían observarse nos pasos migratorios (marzo-abril e setembro-outubro); a aguia pescadora podería aparecer en case calquera punto da costa de Ares, mentres o papoazul frecuenta xunqueiras e bosques

pantanosos abertos, aínda que a súa estadía probablemente apenas se manteña, en ambos casos, durante escasos días ou horas.

O Catálogo español de especies ameazadas (Real Decreto 139/2011) tamén inclúe á pardela balear como especie en perigo de extinción e ao corvo mariño cristado e a águia pescadora como especies vulnerables.

Pola súa parte, a Directiva 2009/147/CE do Parlamento europeo e do Consello, relativa á conservación das aves silvestres, contempla 24 especies existentes en Ares dentro do seu Anexo I, para as cales se deben procurar medidas de protección do seu hábitat.

Finalmente, o recente Libro Rojo de las Aves de España (López-Jiménez, 2021), incorpora os avances de coñecemento en tendencias poboacionais máis recentes e avalia a categoría de ameaza das diferentes especies, seguindo os criterios actualizados da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN). Aquí volven a destacar a pardela balear e a gaivota tridáctila, consideradas na categoría En Perigo Crítico, máis o corvo mariño cristado (subespecie atlántica, *Ph. aristotelis aristotelis*), a gabita e a aguia pescadora, listados En Perigo, xunto co picapeixe (*Alcedo atthis*), o lagarteiro común (*Falco tinnunculus*), o falcón pequeno (*Falco subbuteo*) e a papuxa do mato (*Sylvia undata*). Para estas catro últimas aves non obtivemos datos de presenza confirmada en Ares, aínda que a papuxa de mato considérase case segura como nidificante e sedentaria en matogueiras de toxos e queirugas, existentes principalmente nas costas occidentais do concello (parroquia de Chanteiro e arredores).

3.2. Localidades de maior interese. Na base da información recopilada, as localidades de maior interese ornitolóxico dentro do territorio do concello de Ares, concéntranse na súa liña de costa. Destacan as **illas Mirandas**, coa nidificación da gabita (*Haematopus ostralegus*), o seu carácter de durmideiro e importante pousadeiro de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), ademais de colonia de reprodución de gaivota patiamarela (*Larus*

michahellis), en marcado declive nos últimos anos (Paris *et al.*, 2021; datos propios).

O espazo de costa que se estende desde as **Mirandas (ou praia Barrosa) até Punta Coitelada** presenta acantilados costeiros pouco accesibles, varios hábitats naturais e escasa presenza humana. Aquí se asenta unha colonia de cría de corvo mariño cristado (*Ph. aristotelis*) cerca da Punta do Boi, e tamén poderían aniñar outras especies de interese como o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) e mesmo o lagarteiro común (*Falco tinnunculus*). Nas matogueiras secas tamén debería criar a papuxa do mato (*Sylvia undata*).

Por outra parte, na costa máis abrigada destaca a propia **Praia de Ares**, especialmente na zona de maior espazo intermareal, onde desemboca o Río da Xunqueira. Esta zona alberga a mellor mostra de aves acuáticas invernantes e en migración de todo o concello. Na invernada inclúe presenza regular de dúas especies de garzas, unha de pato, sete de limícolas, cinco de gaivotas e carrán patinegro. Na migración poden frecuentar a zona un número maior de especies dos grupos citados. Esta zona litoral, así como a súa prolongación cara ao leste até o límite co concello de Fene, constituiría a zona de presenza probable do picapeixe (*Alcedo atthis*).

Finalmente, outro dos espazos de maior interese debe ser a **Xunqueira de Ares**, onde alternan vexetación marismeña e palustre, bosque pantanoso, carballeiras e tamén prados e zonas agrícolas con sebes. Apenas temos recollido información ornitolóxica sobre este espazo, que semella ter sufrido considerables transformacións (e probablemente degradacións) nos últimos anos 70 anos, segundo análise visual das fotografías aéreas dispoñibles. Constituiría hábitat potencial para a presenza de falcón pequeno (*Falco subbuteo*).

De maneira provisoria, para a conservación das aves de Ares recoméndase, con carácter xeral, a máxima protección urbanística para as

catro áreas citadas, a valoración desde o punto de vista ornitolóxico de calquera cambio de uso do terreo, evitar actividades organizadas que supoñan concentracións de máis de 20 persoas e impedir o acceso a cans sen correa, nomeadamente na praia de Ares.

4. Bibliografía

- Conde Teira M.A. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa* 1: 121-138.
- eBird 2022. *An online database of bird distribution and abundance* [web application]. eBird, Ithaca, New York. Acceso 17 de agosto de 2022.
- López-Jiménez N. (ed) 2021. *Libro Rojo de las aves de España*. Ed. SEO/BirdLife, Madrid, 1018 pp.
- Molina B., Nebreda A., del Moral J.C., Román Muñoz A., Real R., Seoane J. & Bustamante J. (eds.) 2022. *III Atlas de aves en época de reproducción en España*. SEO Birdlife. Recurso electrónico dispoñible en <https://atlasaves.seo.org/>
- París S., Barros A. & Sandoval A. 2019. Bases para a declaración dunha ZEPA no Golfo Ártabro. Ed. CEIDA, Oleiros, 177 pp.
- París S., Sandoval A., Lago P. & Mouriño J. 2021. Población reproductora, movementos y migraciones de aves marinas en las ZEPA de la provincia de A Coruña 2021. Ed. CEIDA, Oleiros, 129 pp.
- Rouco M., Copete J.L., De Juana E., Gil-Velasco M., Lorenzo J.A., Martín M., Milá B., Molina B. & Santos D.M. 2019. *Lista de las aves de España*. Edición de 2019. SEO/BirdLife. Madrid, 52 pp.
- Sociedade Galega de Ornitología 2022. *Noticuario Ornitoxeográfico Galego*. Recurso electrónico dispoñible en <http://sgo.cesga.es/aves/htdocs/> (consulta actualizada a 17 de agosto de 2022).

ANEXO I. Inventario e catalogación das aves do concello de Ares

Especies de aves de presenza probable ou confirmada na área de estudo. A ordenación taxonómica, os nomes científicos e os nomes en castelán son os utilizados en Rouco *et al.* (2019); mentres que os nomes galegos foron tomados da proposta de Conde Teira (1999).

Na **columna 1** indícase a existencia de información concreta para o concello de Ares (C= presenza confirmada; P= presenza probable; (C)= presenza case segura) e na **columna 2** a referencia ou fonte de información asociada (1. Datos inéditos propios; 2. SGO, 2022; 3. eBird, 2022; 4. Paris *et al.*, 2019 e 2021).

Na **columna 3** sinálase o estatus máis probable na área de estudo:

- S: Sedentaria. Presente ao longo de todo o ciclo anual.
- V: Estival. Presente só na época reprodutora (aproximadamente marzo a setembro, variable segundo especies)
- I: Invernante. Presente na invernada (aprox. outubro a febreiro,)
- M: Migrante. Presente nos pasos migratorios (marzo-abril ou agosto-setembro, variable segundo especies).
- R: Rara. Presenza irregular ou accidental.

Nas restantes columnas indícase a catalogación de cada especie (referidas ás poboacións ou ao marco xeográfico da área de estudo) segundo os seguintes listados:

4. Directiva 2009/147/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

Anexo I: especies que deben ser obxecto de medidas de conservación do seu hábitat (*: para *Calidris alpina* só a subespecie. *schinzii*)

Anexo II: especies cazables.

Anexo III: especies comercializables.

5. Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.

RPE=incluída no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial; PE=En perigo de extinción (Catálogo Español de Especies Ameazadas); VU=Vulnerable (Catálogo Español de Especies Ameazadas). ¹: para a poboación reprodutora a categoría é PE.

6. Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

PE= En Perigo de Extinción, VU= Vulnerable.

7. Libro Rojo de las aves de España (López-Jiménez, 2021). CR= En Perigo Crítico, EN= En Perigo, VU= Vulnerable, NT= Case Ameazada, LC= Preocupación menor; DD= Datos Insuficientes. Restantes especies, non avaliadas.

8. Convenio de Bonn, convención sobre conservación de especies migratorias de animais silvestres, de 23 de xuño de 1979.

Anexo I: especies migratorias ameazadas.

Anexo II: especies migratorias cuxo estado de conservación é desfavorable.

9. Convenio de Berna, convención sobre a conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa, de 19 de setembro de 1979.

Anexo II: especies de fauna estritamente protexidas.

Anexo III: especies de fauna protexidas.

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3	4	5	6	7	8	9
<i>Branta bernicla</i>	Ganso de cara negra	Barnacla carinegra	C	3	E	II	RPE			II	III
<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco	Ánade azulón	C	1,3	S	II,III			LC	II	III
<i>Anas acuta</i>	Pato rabilongo	Ánade rabudo norteño	C	2	R	II,III			LC	II	III
<i>Anas crecca</i>	Cerceta	Cerceta común	P	3*	R	II,III			LC	II	III
<i>Somateria mollissima</i>	Éider	Éider común	C	2	R	II,III			DD	II	III
<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro	Negrón común	C	3	R	II,III				II	III
<i>Mergus serrator</i>	Mergo cristado	Serreta mediana	C	1,2,3	R	II				II	III
<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz	Perdiz roja	P		R	II,III			VU		III
<i>Gavia stellata</i>	Mobella pequena	Colimbo chico	C	2,3*	R	I	RPE		DD	II	II
<i>Gavia immer</i>	Mobella grande	Colimbo grande	C	1,2,3	R	I	RPE		NT	II	II
<i>Calonectris borealis</i>	Pardela cincenta	Pardela cenicienta canaria	P		V,M	I	RPE		VU		III
<i>Puffinus mauretanicus</i>	Pardela balear	Pardela balear	C	1	M	I	PE	PE	CR	I	II
<i>Popiceps griseogen</i>	Mergullón cincento	Somormujo cuellirrojo	C	1,2	R					II	II
<i>Podiceps auritus</i>	Mergullón real	Zampullín cuellirrojo	C	2	R	I	RPE		DD	II	II
<i>Podiceps nigricollis</i>	M. de pescozo negro	Zampullín cuellinegro	C	2,3	R		RPE		LC		II
<i>Ardea cinerea</i>	Garza real	Garza real	C	1,3	I,M		RPE		LC		III
<i>Egretta garzetta</i>	Garzota	Garceta común	C	1,3	I,M	I	RPE		LC		II
<i>Morus bassanus</i>	Mascato	Alcatraz atlántico	C	1,3	I,M		RPE		LC		III
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo mariño cristado	Cormorán moñudo	C	1,3,4	S		VU	VU	EN*		III
<i>Phalacrocorax carbo</i>	Corvo mariño grande	Cormorán grande	C	1,3	I				LC		III
<i>Pandion haliaetus</i>	Aguaia pescadora	Águila pescadora	P		M	I	VU	VU	EN	II	II
<i>Pernis apivorus</i>	Miñato abelleiro	Abejero europeo	P		V	I	RPE		NT	II	II
<i>Hieraaetus pennatus</i>	Aguaia calzada	Águila calzada	P		V	I	RPE		LC	II	II
<i>Accipiter nisus</i>	Gabián	Gavilán común	(C)		S		RPE		LC	II	II
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor	Azor común	(C)		S		RPE		LC	II	II
<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das xunqueiras	Aguilucho lagunero occidental	P		M	I	RPE		LC	II	II
<i>Milvus migrans</i>	Millafré negro	Milano negro	P		V	I	RPE		LC	II	II
<i>Buteo buteo</i>	Miñato	Busardo ratonero	C	1	S		RPE		LC	II	II
<i>Rallus aquaticus</i>	Rascón	Rascón europeo	C	2	S	II			LC		III
<i>Gallinula chloropus</i>	Galiñola	Gallineta común	C	2	S	II			LC		III
<i>Haematopus ostralegus</i>	Gabita	Ostrero euroasiático	C	1,2,3,4	S	II	RPE	VU	EN		III
<i>Pluvialis squatarola</i>	Píllara cincenta	Chorlito gris	C	3	M	II	RPE		LC	II	III
<i>Charadrius hiaticula</i>	Píllara real	Chorlitejo grande	C	2,3	I,M		RPE		LC	II	II
<i>Numenius phaeopus</i>	Mazarico chiador	Zarapito trinador	C	1,3	M	II	RPE		LC	II	III
<i>Numenius arquata</i>	Mazarico real	Zarapito real	C	1,3*	M	II	PE		LC	II	III
<i>Limosa lapponica</i>	Mazarico rubio	Aguja colipinta	C	3	M	I,II	RPE		LC	II	III
<i>Arenaria interpres</i>	Virapedras	Vuelvepedras común	C	1,2,3	I,M		RPE		LC	II	II
<i>Calidris canutus</i>	Pilro gordo	Correlimos gordo	C	2	M	II	RPE		LC	II	III
<i>Calidris alba</i>	Pilro tridáctilo	Correlimos tridáctilo	C	1,2,3	I,M		RPE		LC	II	II
<i>Calidris alpina</i>	Pilro común	Correlimos común	C	1,2,3	I,M	I*	RPE		LC	II	II
<i>Scelopax rusticola</i>	Arcea	Chocha perdiz	P		I	II,III			DD	II	III
<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina	Agachadiza común	C	3	I	II,III			LC	II	III
<i>Actitis hypoleucos</i>	Bilurico das rochas	Andarriños chico	C	1,3	I,M		RPE		NT	II	II
<i>Tringa ochropus</i>	Bilurico alinegro	Andarriños grande	C	3	M		RPE		LC	II	II
<i>Rissa tridactyla</i>	Gaivota tridáctila	Gaviota tridáctila	C	2	R		RPE	VU	CR		III
<i>Chroicocephalus ridibundus</i>	Gaivota chorona	Gaviota reidora	C	1,3	I	II			LC		III
<i>Larus audouinii</i>	Gaivota de Audouin	Gaviota de Audouin	C	2	R	I	VU		VU	I,II	II
<i>Larus melanocephalus</i>	Gaivota cabecinegra	Gaviota cabecinegra	C	1,2,3	I	I	RPE		NT	II	II
<i>Larus canus</i>	Gaivota cana	Gaviota cana	C	2,3	R	II	RPE				III
<i>Larus delawarensis</i>	Gaivota do Delaware	Gaviota de Delaware	C	2,3	R						III
<i>Larus marinus</i>	Gaivotón	Gavión atlántico	C	1,2,3	I		RPE		LC		
<i>Larus hyperboreus</i>	Gaivota hiperbórea	Gavión hiperbóreo	C	2	R						III
<i>Larus glaucoides</i>	Gaivota polar	Gaviota groenlandesa	C	2	R						III
<i>Larus argentatus</i>	Gaivota arxétea	Gaviota arxétea europea	C	2,3*	R	II					

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3	4	5	6	7	8	9
<i>Larus michahellis</i>	Gaivota patiamarela	Gaviota patiamarilla	C	1,3,4	S				NT		
<i>Larus fuscus</i>	Gaivota escura	Gaviota sombría	C	1,3	I,M	II			LC		
<i>Thalasseus sandvicensis</i>	Carrán cristado	Charrán patinegro	C	1,2,3	I,M	I	RPE		VU	II	II
<i>Stercorarius skua</i>	Palleira grande	Págalo grande	C	2	I		RPE				III
<i>Alca torda</i>	Carolo	Alca común	C	2	R		RPE		DD		III
<i>Columba palumbus</i>	Pombo torcaz	Paloma torcaz	C	1,3	S	II,III			LC		
<i>Streptopelia turtur</i>	Rula	Tórtola europea	C	2	V	II			VU	II	III
<i>Streptopelia decaocto</i>	Rula turca	Tórtola turca	C	1,3	S	II			LC		III
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco	Cuco común	P		M		RPE		LC		III
<i>Tyto alba</i>	Curuxa	Lechuza común	(C)		S		RPE		NT		III
<i>Strix aluco</i>	Avelaiona	Cárabo europeo	(C)		S		RPE		LC		II
<i>Athene noctua</i>	Moucho	Mochuelo común	P		R		RPE		NT		II
<i>Asio otus</i>	Bufo pequeno	Búho chico	P		R		RPE		LC		II
<i>Asio flammeus</i>	Curuxa das xunqueiras	Búho campestre	P		R	I	RPE		LC		II
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta	Chotacabras europeo	(C)		V	I	RPE		LC		II
<i>Tachymarpis melba</i>	Andoriñón real	Vencejo real	C	2	R		RPE		LC		II
<i>Apus apus</i>	Cirrio	Vencejo común	C	3	V		RPE		VU		III
<i>Apus pallidus</i>	Cirrio pálido	Vencejo pálido	(C)		V		RPE		LC		II
<i>Alcedo athis</i>	Picapeixe	Martín pescador común	P		I	I	RPE		EN		II
<i>Upupa epops</i>	Bubela	Abubilla común	P		R		RPE		LC		II
<i>Jynx torquilla</i>	Peto formigueiro	Torcecuello euroasiático	(C)		M		RPE		VU		II
<i>Dendrocopos major</i>	Peto real	Pico picapinos	(C)		S		RPE		LC		II
<i>Picus sharpei</i>	Peto verde	Pito real ibérico	C	1	S		RPE		LC		II
<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro	Cernicalo vulgar	P		S		RPE		EN	II	II
<i>Falco columbarius</i>	Esmerillón	Esmerejón	P		I	I	RPE		LC	II	II
<i>Falco subbuteo</i>	Falcón pequeno	Alcotán europeo	P		V		RPE		EN	II	II
<i>Falco peregrinus</i>	Falcón peregrino	Halcón peregrino	(C)		S	I	RPE		NT	II	II
<i>Lanius collurio</i>	Picanzo vermello	Alcaudón dorsirrojo	P		V	I	RPE		VU		II
<i>Oriolus oriolus</i>	Ouriolo	Oropéndola europea	P		M		RPE		LC		II
<i>Garrulus glandarius</i>	Gaio	Arrendajo euroasiático	(C)		S				LC		
<i>Pica pica</i>	Pega	Urraca común	C	1,3	S				LC		
<i>Corvus corone</i>	Corvo pequeno	Corneja negra	C	3	S				LC		
<i>Corvus corax</i>	Corvo grande	Cuervo grande	C	2	S				LC		III
<i>Periparus ater</i>	Ferreiriño negro	Carbonero garrapinos	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Lophophanes cristatus</i>	Ferreiriño cristado	Herrerillo capuchino	(C)		S		RPE		LC		II
<i>Cyanistes caeruleus</i>	Ferreiriño azul	Herrerillo común	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Parus major</i>	Ferreiriño real	Carbonero común	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Lullula arborea</i>	Cotovia pequena	Alondra totovía	(C)		S	I	RPE		LC		III
<i>Alauda arvensis</i>	Laverca	Alondra común	P		I				VU		III
<i>Riparia riparia</i>	Andoriña das barreiras	Avión zapador	P		M		RPE		LC		II
<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña	Golondrina común	C	1,3	V		RPE		VU		II
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	Andoriña dos penedos	Avión roquero	P		I		RPE		LC		II
<i>Delichon urbicum</i>	Andoriña de cu branco	Avión común occidental	C	2,3*	V		RPE		LC		II
<i>Cecropis daurica</i>	Andoriña dáurica	Golondrina dáurica	P		R		RPE		LC		II
<i>Cettia cetti</i>	Rousinol bravo	Cetia ruseñor	C	3	S		RPE		LC	II	II
<i>Aeghitalos caudatus</i>	Ferreiriño rabilongo	Mito común	C	3	S		RPE		LC		III
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas musical	Mosquitero musical	(C)		M		RPE			II	II
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas europeo	Mosquitero común	C	3	I		RPE			II	II
<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico	Mosquitero ibérico	(C)		V		RPE		LC	II	II
<i>Acrocephalus schoenobaenus</i>	Folosa dos xuncos	Carricerín común	P		M		RPE			II	II
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	Folosa das canaveiras	Carricero común	P		V		RPE		LC	II	II
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela	Zarcero políglota	C	1	V		RPE		LC	II	II
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos	Cisticola buitón	C	1,3	S		RPE		NT	II	II
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras	Curruca capirotada	C	3	S		RPE		LC	II	II
<i>Sylvia borin</i>	Papuxa picafollas	Curruca mosquitera	C	3	M		RPE		LC	II	II
<i>Sylvia communis</i>	Papuxa común	Curruca zarcera	P		M		RPE		LC	II	II
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato	Curruca rabilarga	(C)		S	I	RPE		EN	II	II
<i>Sylvia melanocephala</i>	Papuxa cabecinegra	Curruca cabecinegra	C	3	S		RPE		LC	II	II

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3	4	5	6	7	8	9
<i>Regulus ignicapilla</i>	Estreliña riscada	Reyezuelo listado	C	3	S		RPE		LC	II	II
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza	Chochín paleártico	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Sitta europaea</i>	Gabeador azul	Trepador azul	P		R		RPE		LC		II
<i>Certhia brachydactyla</i>	Gabeador	Agateador europeo	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Sturnus vulgaris</i>	Estornio pinto	Estornino pinto	(C)		I						
<i>Sturnus unicolor</i>	Estornio negro	Estornino negro	C	1,3	S				LC		II
<i>Turdus merula</i>	Merlo	Mirlo común	C	1,3	S	II			LC		III
<i>Turdus pilaris</i>	Tordo real	Zorzal real	P		I	II			DD		III
<i>Turdus iliacus</i>	Tordo rubio	Zorzal alirrojo	C	2	I,M	II			DD		III
<i>Turdus philomelos</i>	Tordo común	Zorzal común	(C)		S	II			LC		III
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo	Zorzal charlo	P		S	II			LC		III
<i>Muscicapa striata</i>	Papamoscas cincento	Papamoscas gris	(C)		M		RPE			II	II
<i>Erethacus rubecula</i>	Paporrubio	Petirrojo europeo	C	3	S		RPE		LC		II
<i>Luscinia svecica</i>	Papoazul	Ruiseñor pechiazul	P		M	I	RPE	VU			II
<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas negro	Papamoscas cerrojillo	C	3*	M		RPE			II	II
<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio	Colirrojo tizón	C	1,3	S		RPE		LC		II
<i>Monticola solitarius</i>	Merlo azul	Roquero solitario	P		R		RPE		LC		II
<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco norteño	Tarabilla norteña	(C)		M		RPE				II
<i>Saxicola rubicola</i>	Chasco	Tarabilla europea	C	1,3	S		RPE		LC		II
<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro cincento	Collalba gris	(C)		M		RPE				II
<i>Cinclus cinclus</i>	Merlo rieiro	Mirlo-acuático europeo	P		R		RPE		LC		II
<i>Passer domesticus</i>	Pardal	Gorrión común	C	1,3	S				LC		
<i>Passer montanus</i>	Pardal montés	Gorrión molinero	P		S				NT		III
<i>Estrilda astrild</i>	Bico de coral	Estrilda común	P		S						III
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta	Acentor común	C	1	S		RPE		LC		II
<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira amarela	Lavandera boyera	C	2	V,M		RPE		LC		II
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real	Lavandera cascadeña	(C)		S		RPE		LC		II
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca	Lavandera blanca	C	2,3	S		RPE		LC		II
<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados	Bisbita pratense	C	3	I		RPE				II
<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores	Bisbita arbóreo	(C)		V		RPE		LC		II
<i>Anthus spinoletta</i>	Pica alpina	Bisbita alpino	P		M		RPE				II
<i>Anthus petrosus</i>	Pica costeira	Bisbita costero	P		I		RPE				II
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín	Pinzón vulgar	C	3	S				LC		III
<i>Fringilla montifringilla</i>	Pimpín do Norte	Pinzón real	P		I		RPE		DD		III
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal	Camachuelo común	C	3	S		RPE		LC		III
<i>Chloris chloris</i>	Verderolo	Verderón común	C	1,3	S				LC		II
<i>Linaria cannabina</i>	Liñaceiro	Pardillo común	C	1	S				LC		II
<i>Carduelis carduelis</i>	Xílgaro	Jilguero europeo	C	1,3	S				LC		II
<i>Serinus serinus</i>	Xirín	Serín verdecillo	C	3	S				LC		II
<i>Spinus spinus</i>	Úbalo	Jilguero lúgano	C	2,3	I		RPE		NT		II
<i>Emberiza calandra</i>	Trigueirón	Escribano triguero	P		V				LC		III
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada	Escribano montesino	P		S		RPE		LC		II
<i>Emberiza cirrus</i>	Escribenta común	Escribano soteño	C	1	S		RPE		NT		II